



Concello
de Nigrán

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA
UTILIZACIÓN DE LOCAIS MUNICIPAIS PARA A PRESTACIÓN
DE SERVIZOS ASOCIADOS Á CELEBRACIÓN DE
MATRIMONIOS CIVIS**

<i>2. – Por enganche e traslado ao depósito:</i>	
2.1. – De vehículos de menos de catro rodas.	56,51
2.2. – De turismos en xeral e furgonetas.	101,07
2.3. – De vehículos pesados (de máis de 2.000,00 kilogramos).	145,62
<i>3. – Por depósito (por día ou fracción):</i>	
3.1. – De vehículos de menos de catro rodas.	6,21
3.2. – De turismos en xeral e furgonetas.	10,87
3.3. – De vehículos pesados (de máis de 2.000,00 kilogramos).	16,30
<i>4. – Por inmovilización (de calquera clase):</i>	
4.1. – De vehículos de menos de catro rodas.	33,69
4.2. – De turismos en xeral e furgonetas.	56,51
4.3. – De vehículos pesados (de máis de 2.000,00 kilogramos).	78,25

ARTIGO 4. –

Non se devolverán aos seus propietarios ningún dos vehículos que se recolleran mentres non se faga efectivo do pago dos dereitos establecidos no artigo precedente, salvo no caso de interpoñer reclamación, fose depositado ou afianzado o importe da liquidación na contía e forma previstas no art. 224 da Lei 58/2003, de 17 de cembro, xeral tributaria. O pago da liquidación da presente taxa, non exclúe en modo algún, o das sancións ou multas que foran procedentes por infracción das normas de circulación ou policía urbana.

ARTIGO 5. –

Quedan exentos do pago destas tarifas os vehículos roubados. Esta circunstancia deberá acreditarse mediante a aportación da copia da denuncia presentada pola súa sustracción.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE LOCAIS MUNICIPAIS
PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS ASOCIADOS Á CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS.**

ARTIGO 1. – FUNDAMENTO E NATUREZA.

Ao abeiro do establecido nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española de 28 de decembro de 1978; 106 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como nos artigos 15, 20 e 57 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa pola utilización de locais municipais para a prestación de servizos asociados á celebración de matrimonios civís.

ARTIGO 2. – FEITO IMPOÑIBLE.

Constitue o feito imponible da taxa a utilización de locais municipais para a prestación de servizos asociados á celebración de matrimonios civís.

ARTIGO 3. – SUXEITOS PASIVOS.

Son suxeitos pasivos obrigados ao pago da taxa os contrainentes, que quedan obrigados solidariamente.

ARTIGO 4. – CUOTA TRIBUTARIA.

O importe a abonar por cada matrimonio civil será de 108,68 euros.

ARTIGO 5. – EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

Non se concederá ningunha exención nen bonificación na exacción da taxa.

ARTIGO 6. – DEVENGO E INGRESO.

Devéngase a taxa no momento de presentación no rexistro xeral do Concello da solicitude de celebración de cada matrimonio civil.

No suposto de que, con posterioridade á presentación da solicitude e antes da fixación da data para a celebración do matrimonio civil, os solicitantes desistan documentalmente da celebración, procederase de oficio á devolución do 50 por 100 da cuota tributaria.

ARTIGO 7. – INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

En todo o referido á calificación de infraccións tributarias, así como das sancions que en cada caso correspondan, estarase ao disposto na Lei xeral tributaria.

ARTIGO 8. – NORMAS DE XESTIÓN.

Os matrimonios civís celebraranse na Casa do Concello os vernes e sábados desde as 10,00 horas até as 14,00 horas.

ARTIGO 9. – ENTRADA EN VIGOR.

Esta ordenanza entrará en vigor, e comezará a aplicarse, o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia; permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

Nigrán, 28 de xaneiro de 2013. – O Alcalde, Alberto Valverde Pérez.

2013000996

Aprobada definitivamente a ordenanza xeral de prezos públicos ao non terse presentado nengunha reclamación nen suxerencia no período de información pública da mesma, según acordo adoptado polo Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o día 29.11.12; cumprindo o establecido nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (BOE número 80, do 03.04.85) publíquese o texto íntegro da ordenanza citada:

ORDENANAZA XERAL DE PREZOS PÚBLICOS**ARTIGO 1. –**

O Concello de Nigrán, facendo uso da facultade indicada no artigo 127 do Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e de conformidade co disposto nos artigos 41 ao 47 da citada Lei, regula os principios xerais e as normas comúns aplicables a todos os prezos públicos do Concello.

ARTIGO 2. –

1. Terán a consideración de prezos públicos as contraprestacións pecuniarias, de carácter non tributario, que se satisfagan pola prestación de servizos ou a realización de actividades que sexan competencia do Concello de Nigrán, sempre que non concorran nengunha das circunstancias indicadas na letra B) do artigo 20.1 do TRLRFL.

2. Non poderán esixirse prezos públicos polos servizos e actividades enumerados no artigo 21 do TRLRFL.